

**PRISMAS
CASA DAS CIENCIAS
Á DIVULGACIÓN**

**XXIV CONVOCATORIA
A CORUÑA, 2011**

PRESENTACIÓN

Alcanzamos este ano a XXIV convocatoria dos Prismas, un clásico na divulgación científica. O concello sintese orgulloso de manter o primeiro e único premio destas características no noso país e seguir a senda iniciada tantos anos atrás.

Os Museos Científicos Coruñeses (mc2), son unha institución recoñecida tanto a nivel nacional como internacional pola calidade da súa divulgación e as súas exposicións, adaptándose continuamente ás novas tecnoloxías e novidades en materia divulgativa e de contidos. Aos miles de visitantes que nos acompañan ao longo do ano nas nosas instalacións súmanse os outros visitantes virtuais a través da nosa páxina “web” e os participantes nestes Premios.

Os Prismas “Casa das Ciencias á divulgación” son un importante embaixador da cidade, que levaron o nome da Coruña a moitos lugares de España e o estranxeiro. Nesta convocatoria contamos coa colaboración da empresa privada Pharma-Mar Grupo Zeltia, pioneira na investigación médica e farmacolóxica, que patrocina o premio especial do xurado. Tamén a revista Método achega a súa axuda na nova modalidade de “sitios web”.

É para min un pracer anunciar a XXIV convocatoria dos Prismas e animar a todas as persoas relacionadas coa comunicación a participar cos seus traballos nas diversas modalidades do premio.

Javier Losada de Azpiazu
Alcalde

Os Museos Científicos Coruñeses atendemos ás necesidades das persoas que, rodeadas de elementos científicos e tecnolóxicos na vida cotiá, demandan cultura científica.

A divulgación científica debe responder, pois, a esa petición do público, aceptando que a ciencia é un elemento imprescindible para a identidade cultural contemporánea. E partindo do dereito da persoa a saber, o que contribúe a lexitimar os importantes recursos que a sociedade pon en mans do sistema científico-técnico.

Con esa perspectiva desenvolve o seu labor esta institución municipal, unha referencia na comunicación entre a ciencia e sociedade. Unha ciencia que se desenvolve en ámbitos e condicións sociais e culturais diversos, que inciden de xeito relevante na súa construción histórica.

Para esta Concellería de Cultura supón unha gran satisfacción que desde A Coruña celebremos unha nova edición dos premios Prismas.

Unha convocatoria na que lle damos protagonismo a contidos dixitais, os sitios web, como xeito de recoñecemento e estímulo dun ámbito da divulgación científica de notable impacto e futuro. Cos premios Prismas, os Museos Científicos Coruñeses salientan o seu compromiso coa divulgación científica, co diálogo entre a ciencia e a sociedade da que xorde e á que se debe.

María Xosé Bravo San José
Concelleira de Cultura
e Museos Científicos

PRISMAS CASA DAS CIENCIAS Á DIVULGACIÓN 2011

BASES DA CONVOCATORIA

PREMIOS

Concederanse os «Prismas de Bronce» aos mellores traballos de divulgación científica nas modalidades de audiovisuais, sitios web e artigos xornalísticos. O Xurado outorgará ademais un «Prisma Especial» a persoas ou institucións que se significaron pola súa contribución singular á divulgación científica.

Os premios nas catro modalidades teñen as dotacións e están suxeitos ás condicións que se especifican en cada caso.

Os premios non poderán distribuírse entre dous ou máis candidaturas, pero o Xurado poderá decláralos desertos.

ENTREGA DE PREMIOS

Os Prismas entregaranse no transcurso dun acto que terá lugar na Coruña o sábado 12 de novembro de 2011.

XURADO

Os Prismas outorgaranse por votación dun Xurado de sete membros, nomeados pola Organización entre persoas relevantes no campo da divulgación científica, o xornalismo científico ou o ensino das ciencias. Un dos membros representará á empresa PharmaMar Grupo Zeltia.

O Alcalde da Coruña, ou persoa en quen delegue, presidirá o Xurado, e actuará como Secretario o Director dos Museos Científicos Coruñeses (=mc2). Corresponde ao presidente dirixir e ordenar as deliberacións e votacións, sendo depositario, en caso de empate, do voto de calidade.

O Xurado poderá tomar en consideración para ser premiadas aquelas candidaturas que aínda non tendo sido presentadas, reúnan, na súa opinión, méritos relevantes.

Os fallos do Xurado serán inapelables.

ORGANIZACIÓN

A Organización corre a cargo dos Museos Científicos Coruñeses (=mc2) do Concello da Coruña. Un Comité de Selección, que traballará baixo a responsabilidade da Organización, estará

encargado de velar polo cumprimento destas bases.

A presentación de candidaturas supón a conformidade dos participantes coas bases. Calquera cuestión non recollida nelas será resolta a discreción pola Organización. Os participantes comprométese a xustificar a veracidade dos datos que faciliten sobre as candidaturas presentadas.

Farase entrega dos Prismas á persoa física ou xurídica que figure como candidato na presentación. A Organización declina calquera responsabilidade sobre conflitos de propiedade ou cesións de dereitos relativos ás candidaturas.

Os premiados participarán nos actos organizados con motivo da entrega de premios segundo lles sexa solicitado pola Organización.

Non poderán ser premiados aqueles traballos realizados polo persoal dos Museos Científicos Coruñeses (=mc2) nin os editados por estes ou polo Concello da Coruña, nin patrocinados ou co-editados por eles con outras empresas ou institucións.

CONTIDO

Os traballos presentados como candidatos aos premios versarán sobre calquera tema en relación coas ciencias físicas e naturais, tanto nos seus aspectos xerais, como en calquera das súas ramas ou aplicacións prácticas, incluíndo biografías de científicos e historia da ciencia, que contribúan á mellor comprensión das ideas, actitudes e procesos científicos.

Os traballos, actividades e iniciativas obxecto de candidatura han estar dirixidos ao público en xeral, excluíndose os destinados a especialistas.

PRESENTACIÓN

Cada candidatura irá acompañada dunha ficha de participación debidamente cuberta e asinada. Enviaranse a:

XXIV Convocatoria Prismas á Divulgación.
Casa das Ciencias.
Parque de Santa Margarita,s/n
15005 A Coruña. España.

Para máis información:
Teléfono: 34 981 189 846
Telefax: 34 981 189 847
www.casaciencias.org/premios
premios@casaciencias.org

PRISMA A TRABALLOS AUDIOVISUAIS

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor traballo audiovisual de divulgación científica entre todos os presentados, «Prisma de Bronce» e seis mil euros (6.000 euros).

CONDICIÓN

Poderán optar ao Prisma os autores de traballos realizados con medios audiovisuais. Todos os traballos serán orixinais e deberán presentarse nun soporte que sexa executable en equipos domésticos.

Poderán optar ao Prisma traballos audiovisuais que se expresen en calquera das catro linguas oficiais en España.

Terase que cumprimentar a ficha de participación.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

1. Cada soporte audiovisual conterá unicamente un traballo.

2. Para a súa exhibición pública durante a celebración da entrega de premios, os audiovisuais poderán ser dobrados ou subtitulados.

3. Os audiovisuais non se transferirán a persoas ou entidades alleas á Organización, salvo para a utilización gratuíta e visiónado nos Museos Científicos Coruñeses ou na sede das institucións oficiais que para iso establezan convenios de colaboración con eles.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de agosto de 2011 ás 12 horas.

PRISMA A SITIOS WEB

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor sitio web de divulgación científica, «Prisma de Bronce» e catro mil euros (4.000 euros). Esta modalidade conta co patrocinio da revista *Mètode*.

CONDICIÓNNS

As obras poderán presentarse en calquera das catro linguas oficiais en España.

Os sitios web deberán estar dispoñibles para ser consultados desde o 31 de agosto ao 1 de outubro de 2011, debendo comunicarse calquera cambio de dirección destes durante devandito período.

Terase que cumprimentar a ficha de participación.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de agosto de 2011 ás 12 horas.

PRISMA A ARTIGOS XORNALÍSTICOS

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor artigo de divulgación científica publicado no ano 2010, que se outorgará ao autor e consistirá nun «Prisma de Bronce» e seis mil euros (6.000 euros).

CONDICIÓN

Poderán optar ao Prisma todos os artigos publicados en 2010, en calquera das catro linguas oficiais en España.

Presentarase unha ficha de participación con cada artigo.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

Os traballos presentaranse polo propio autor ou autores, ou por calquera persoa ou entidade que asegure o consentimento daqueles.

Enviarase un exemplar da publicación onde aparecesen os traballos, podendo presentar tres artigos como máximo.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

Non se farán públicos os nomes dos concursantes non premiados.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de agosto de 2011 ás 12 horas.

PRISMA ESPECIAL DO XURADO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

A persoa ou institución galardoada recibirá un «Prisma de Bronce». A empresa PharmaMar Grupo Zeltia dotou este premio con nove mil euros (9.000 euros).

CONDICIÓN

Poderán ser candidatos as persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a súa actividade en España.

As candidaturas poderán ser propostas por universidades, reais academias, colexios profesionais, organismos e empresas públicas, museos, planetarios, acuarios, xardíns botánicos e zoolóxicos, centros de investigación, fundacións, medios de comunicación e persoas invitadas pola Organización.

A candidatura implica a dispoñibilidade da persoa física ou xurídica que se presenta como candidata para asistir e recoller o premio na cerimonia de entrega.

Terase que cumprimentar a ficha de participación.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

Poderase achegar a documentación que se considere oportuna para a valoración da candidatura.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

Non se farán públicas as candidaturas non premiadas nin os nomes das persoas ou institucións que propoñen as candidaturas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de agosto de 2011 ás 12 horas.

FICHA DE PARTICIPACIÓN AUDIOVISUAIS

Título

Autor ou participante (*)

Ano de produción

Formato de realización

Formato de presentación

Duración en minutos

Equipo técnico

**Soporte informático: requisitos para
executar o programa**

Especificacións técnicas



Tema e breve sinopse

ENDEREZO DE CONTACTO

Nome

Enderezo

CP e localidade

Provincia

País

Teléfono

Telefax

Correo electrónico

Firma do participante (*)

Enviar esta Ficha de participación xunto co traballo que se presenta.

(*) Enténdese que o asinante desta ficha é persoa capaz de recibir o premio.



FICHA DE PARTICIPACIÓN SITIO WEB

Enderezo da páxina

Autor

Enderezo postal

CP e localidade

Provincia

País

Teléfono

Telefax

Correo electrónico

Firma do participante (*)

Enviar esta Ficha de participación xunto co traballo que se presenta.

(*) Enténdese que o asinante desta ficha é persoa capaz de recibir o premio.



Breve sinopse



FICHA DE PARTICIPACIÓN ARTIGOS XORNALÍSTICOS

Título do traballo

Autor (Nome completo no caso deseudónimo)

Enderezo

CP e localidade

Provincia

País

Teléfono

Telefax

Correo electrónico

**Título da publicación onde apareceu
o artigo**

Data de publicación

Firma do participante (*)

Enviar esta Ficha de participación xunto co
traballo que se presenta.

(*) Enténdese que o asinante desta ficha é
persoa capaz de recibir o premio.



Tema e breve sinopse



FICHA DE PARTICIPACIÓN PRISMA ESPECIAL DO XURADO

Candidato

Méritos alegados



Candidatura presentada por

Enderezo

CP e localidade

Provincia

País

Teléfono

Telefax

Correo electrónico

Firma de quen presenta a candidatura



RELACIÓN DE GAÑADORES DOS PRISMAS CASA DAS CIENCIAS

Traballos multimedia

- 2010 «En busca do mexillón de río». Federico de la Peña Santos.
- 2009 «Descubriendo el comportamiento animal». Alberto José Redondo Villa e Juan Carranza Almansa.
- 2008 «El nuevo universo, cómo la física cambió al mundo». Ana Luisa Montes de Oca, Alberto Nullman, Alberto Guijosa e Alejandro Corichi.
- 2007 «Los mares dulces de Galicia». Manuel Enrique García.
- 2006 «Colón, los enigmas». M^a Jesús Cañellas e Pedro Pablo Menéndez. TVE
- 2005 «caosyciencia.com». Annia Domènech.
- 2004 «Mar de estrelas». Jorge Candán.
- 2003 Anuario «El observatorio 2002». Canal Sur.
- 2002 «Misión a Marte». M^a Jesús Cañellas. TVE
- 2001 «Os tesouros da ría de Vigo». Marevisión, S.L.
- 1999 «Enfermedades genéticas». Universidad Autónoma de Barcelona.
- 1998 «Viaxe en Paramecio». Carlos Pérez Valcárcel.

- 1997 «Atapuerca. El misterio de la evolución humana». Javier Trueba.
- 1996 «El latido de la braña». Federico de la Peña Santos.
- 1995 «A Cavern Beyond Time». Cristian Lascu.
- 1994 «Otros vecinos. Flora y fauna de los pueblos». Juan A. Rodríguez Llano, Enrique J. Coto, Ramón Campoamor.
- 1993 «Hubble: Report From Orbit». Mark C. Petersen.
- 1992 «Aigüamolls de L'Empordà: Zona dulce». Pedro Rubio.
- 1991 «Oxygen, What a Gas!». Jack Micay.
- 1990 «¿El retorno de Némesis?» Video Play Serveis.
- 1989 «Energía Solar». Manuel Toharia Cortés.
- 1988 «Los trasplantes». UNED.

Traballos en soporte informático

- 2000 «La ciencia es divertida». Antonio Varela Caamaño.
- 1999 «Cómo funcionan las cosas». Zeta Multimedia, S.A.
- 1998 «La Tierra». Zeta Multimedia, S.A.
- 1997 «Taller de inventos». Zeta Multimedia, S.A.
- 1996 «Enciclopedia de la naturaleza». Zeta Multimedia, S.A.
- 1995 «Enciclopedia virtual de la ciencia». Zeta Multimedia, S.A.

1994 «Earth and Universe».
Armagh Planetarium.

Libros editados

- 2010 «Evolución. El mayor espectáculo sobre la Tierra». Editorial Espasa.
- 2009 «Por qué creemos en cosas raras. Pseudociencia, superstición y otras confusiones de nuestro tiempo». Alba Editorial.
- 2008 «Darwin y el diseño inteligente. Creacionismo, cristianismo y evolución». Alianza Editorial.
- 2007 «Cuerdos entre locos. Grandes experimentos psicológicos del siglo XX». Alba Editorial.
- 2006 «Darwin el viajero». Editorial El Rompecabezas.
- 2005 «Hijos de un tiempo perdido. La búsqueda de nuestros orígenes». Editorial Crítica.
- 2004 «El hombre que calumnió a los monos». Acento Editorial.
- 2003 «1.001 datos sobre el cuerpo humano». Editorial Molino.
- 2002 «Las siete hijas de Eva». Editorial Debate.
- 2001 «El fin del envejecimiento». Tusquets Editores.
- 2000 «¿Por qué es divertido el sexo?». Editorial Debate.

- 1999 «Atapuerca. Un millón de años de historia». Plot Ediciones e Editorial Complutense.
- 1998 «La sexta extinción». Tusquets Editores.
- 1997 «Viaje a las hormigas». Editorial Crítica. Grupo Grijalbo-Mondadori.
- 1996 «Las mentiras de la ciencia». Alianza Editorial.
- 1995 «La naturaleza no natural de la Ciencia». Acento Editorial.
- 1994 «El libro de la vida». Editorial Crítica. Grupo Grijalbo-Mondadori.
- 1993 «Genoma». Plaza & Janés, Editores S.A.

Textos inéditos

- 2010 «El siglo de oro de la Biotecnología vegetal. Cien años que han cambiado nuestra visión de las plantas». José María Seguí.
- 2009 «Vivir dos vidas. Un viaje por la metamorfosis de los insectos». Xavier Bellés.
- 2006 «En el límite de la vida. Un siglo de virus». Vicente Pallas.
- 2005 «Cuando éramos caníbales». Carles Lalueza Fox.
- 2004 «Tenseguridad. Estructuras en la naturaleza». José Antonio Bustelo Lutzardo.

- 2003 «El genoma fluido». Josep M. Casacuberta.
- 2002 «Adaptarse a Internet. Mitos y realidades sobre los aspectos psicológicos de la red». Helena Matute.
- 2001 «Oráculos, profetas y futurólogos». Pablo Francescutti Pérez.
- 2000 «Metaevolución. La Tierra en el espejo». Pedro Gómez Romero.
- 1999 «El precio biológico de la civilización». Isaac Amigo Vázquez.
- 1998 «Las plantas en la brujería medieval». J. Ramón Gómez Fernández.
- 1997 «La revolución del metro». José A. de Lorenzo Pardo.
- 1996 «El arca de la biodiversidad». José Antonio Pascual Trillo.
- 1995 «El rostro humano de la ciencia». Manuel Calvo Hernando.
- 1994 «Por los senderos de la ciencia». Constantino Armesto.
- 1993 «Láseres, emisores de luz especial». Manuel Luis Casalderrey.

Artigos xornalísticos

- 2010 «¿Cuántos años me echas? Las edades del hombre...y todo lo demás». Elena Sanz Pérez de Guzmán.
- 2009 «El origen de todo». Silbia López de Lacalle

- 2008 «Un “Big Bang” a 100 metros bajo tierra». Pablo Jáuregui.
- 2007 «¿Hemos sido diseñados?» Miguel Angel Sabadell.
- 2006 «Tsunamis, investigación después de la catástrofe». Luis de Luque.
- 2005 «La voz única de los Stradivarius». María Ares Espiñeira.
- 2004 «¿Para qué la ciencia?» José Manuel Sánchez Ron.
- 2003 «Una mirada al cosmos». Instituto de Astrofísica de Andalucía.
- 2002 «Vamos a experimentar con tu cuerpo». Miguel Barral.
- 2001 «Misterios de la memoria». Mónica Salomone.
- 2000 «Lo último sobre los cinco sentidos. Sensación de vivir». Jorge Alcalde.
- 1999 «El prodigio de la clonación». Enrique M. Coperías.
- 1998 «Marte, la última frontera». Alicia Rivera y Malén Ruiz de Elvira.
- 1997 «¡Impactos!». Mark Kidger.
- 1996 «Ecuaciones para ver el futuro». Juan I. Fernández Bayo.

Prisma Especial do Xurado

- 2010 Diario Público. Sección de Ciencias
- 2009 Revista Mètode. Universitat de València.

- 2008 Miguel Angel Quintanilla
Fisac.
- 2007 Suplemento «Futuro» de
El País.
- 2006 Francisco Vázquez
Vázquez.
- 2005 Parque de las Ciencias de
Granada.
- 2004 Manuel Toharia Cortés.
- 2003 Instituto Astrofísico de
Canarias.
- 2002 Tercer Milenio. Heraldo de
Aragón.
- 2001 Manuel Calvo Hernando.
- 2000 Miguel Carreras Ezquerra.

RELACIÓN DE PRESIDENTES DOS XURADOS EN ANOS ANTERIORES

- 2010 Joandomenec Ros
Aragonés. Catedrático de
Ecoloxía. Universitat de
Barcelona.
- 2009 Vladimir Francisco de
Semir. Universitat Pompeu
Fabra
- 2008 José Manuel Fernández de
Labastida. Secretario
Xeral de Política
Científica e Tecnolóxica do
Ministerio de Ciencia e
Innovación.
- 2007 Eulalia Pérez Sedeño.
Directora Xeral dea
*Fundación Española para la
Ciencia y la Tecnología.*
- 2006 Ernesto Páramo Sureda,
director do *Parque de las
Ciencias de Granada.*
- 2005 Manuel Toharia Cortés,
director do *Museu de las
Ciències Príncipe Felipe de
Valencia.*
- 2004 José María Bermúdez de
Castro. Profesor de
Investigación do CSIC e
Vicepresidente da
Fundación Atapuerca.

- 2003 Francisco José Rubia Vila.
Catedrático de Fisioloxía
da *Universidad
Complutense de Madrid*.
- 2002 María Teresa Tellería.
Directora do *Real Jardín
Botánico de Madrid*.
- 2001 Rolf Tarrach Siegel.
Presidente do *Consejo
Superior de Investigaciones
Científicas*.
- 2000 Antonio Fernández
Rañada. Catedrático da
Facultade de Física da
*Universidad Complutense
de Madrid*.
- 1999 Miguel Angel Quintanilla
Fisac. Director do *Máster
de Ciencia, Tecnología y
Sociedad de la Universidad
de Salamanca*.
- 1998 Juan Pérez Mercader.
Director do *Departamento
de Astrofísica Espacial y
Física Fundamental del
Instituto Nacional de
Técnica Aeroespacial
(INTA)*.
- 1997 José Manuel Sánchez Ron.
Catedrático de Historia da
Ciencia da *Universidad
Autónoma de Madrid*.

- 1996 Pierre Fayard.
Catedrático de
Comunicación Científica
da Universidade de
Poitiers.
- 1995 Vladimir de Semir.
Periodista científico,
Coordinador de
Suplementos de «La
Vanguardia».
- 1994 Cayetano López
Martínez. Profesor de
Física Teórica.
*Universidad Autónoma
de Madrid.*
- 1993 Albert V. Baez. Físico e
Educador.
- 1992 Pere Alberch *Vie.*
*Director do Museo
Nacional de Ciencias
Naturales.*
- 1991 José Pardina Cáncer.
Director da revista
«Muy Interesante».
- 1990 Manuel Calvo
Hernando. Presidente
da *Asociación
Española de Periodismo
Científico.*
- 1989 Manuel Velasco López.
Director Editorial das
revistas «Natura» e
«Geo».
- 1988 Manuel Toharia Cortés.
Periodista Científico.